

RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE XUSTIZA, POLA QUE SE RESOLVE A CONVOCATORIA DE PROVISIÓN TEMPORAL DE POSTOS DE TRABALLO MEDIANTE O SISTEMA DE SUBSTITUCIÓN

O 10/06/2026 ofertáronse para a súa provisión temporal mediante o sistema de substitución entre persoal funcionario dos corpos xerais ao servizo da Administración de xustiza, os postos relacionados no Anexo I da dita convocatoria.

Logo da revisión das peticións recibidas nesta Dirección Xeral,

DISPOÑO:

PRIMEIRO.- Aprobar e facer pública no Anexo I da presente resolución a lista definitiva dos destinos adxudicados ao persoal funcionario que participou na convocatoria do 10/06/2026.

SEGUNDO.- A incorporación ao posto de traballo en substitución será na data de efectos indicada no correspondente acordo de substitución.

A renuncia á substitución adxudicada pola presente Resolución, será penalizada coa imposibilidade de obter unha nova substitución durante o período dun ano.

TERCEIRO.- O posto de traballo deberá ser ocupado de xeito efectivo, salvo causa xustificada, pola persoa adxudicataria da substitución, mesmo con interrupción, de ser o caso, do desfrute de vacacións, licenzas ou permisos, que en todo caso terán que ser informados polo órgano de destino e autorizados polo correspondente departamento territorial de acordo coas necesidades do servizo.

CUARTO.- Os correspondentes acordos de substitución entre titulares serán enviados por correo electrónico ás persoas adxudicatarias, sendo comunicados á súa vez aos superiores funcionais dos órganos de orixe e destino para o seu coñecemento.

QUINTO.- Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpor recurso de reposición ante o director xeral de xustiza no prazo dun mes (arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas) ou recurso contencioso-administrativo ante a sección do contencioso-administrativo do Tribunal de Instancia competente no prazo de dous meses (art.14 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa).





ANEXO I

Órgano xudicial da desocupación:	SCEX de Vigo – Área Civil, Social, CA, Familia, Infancia e Capacidade e Mercantil		
Código do posto	Xefatura de equipo SCEX Civil, Familia, Mercantil, CA e Social XG92583060360576001.09		
Motivo da desocupación:	Licenza por enfermidade	Corpo:	CXPA
Adxudicatario/a:	Natalia Francisco Fernández		
Xustificación da adxudicación:	Art. 12. 2 f		
Data:	22/06/2026		

Órgano xudicial da desocupación:	SCEX de Vigo – Área Civil, Social, CA, Familia, Infancia e Capacidade e Mercantil		
Código do posto	XG92583060360576008.00		
Motivo da desocupación:	Vacante	Corpo:	CXPA
Adxudicatario/a:	Clara Maria Salinas Fernández		
Xustificación da adxudicación:	Art. 12. 1 a		
Data:	22/06/2026		

